

ACTA (MINUTA-BORRADOR)

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de outubro de 2018
Duración	Desde as 21:10 ata as 22:45 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: D^a. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D^a. Milagros Martínez Piñeiro.

BNG: D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.

SOMOS CAMBADOS: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

CAMBADOS PODE: D. José Ramón Abal Varela.

PP: D. Luís Aragunde Aragunde, D. Luís Alberto Serantes González, D^a. Isabel Varela Piñeiro, D^a. Ana Isabel Oubiña Santos, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D. Eulogio Pomares Botana, D. Fabián Domínguez González.

Escusan a súa ausencia, por motivos laborais, D^a. M^a Josefa Cacabelos Domínguez e D^a. M^a Teresa Prado Cores.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as 21,10 horas do día **25 de outubro de 2018**, reúnen-se os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública ordinaria do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

EXPTE. 4025/2018 - MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI

A Sra. Secretaria procede coa lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, celebrada o día 18 de outubro de 2018, respecto á proposta de acordo para a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, que cita textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE ACORDO PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo procúrase que esta ordenanza sexa obxecto de dous tipos de modificacións:

A) En primeiro lugar, unha modificación de carácter técnico, dado que a ordenanza contiña unha bonificación para o sector primario que dende o servizo da ORAL nos solicitan variemos para facilitar a tramitación destas bonificacións.

B) En segundo lugar, levouse a cabo a modificación dun dos elementos determinantes da cota tributaria, cal é o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana. Este pasa do 0,50 ó 0,46.

Agora ben, convén sinalar que esta redución supón un descenso aproximado do padrón do imposto de cara ó ano 2018 de 115.276,13 € o que pode xerar efectos negativos nas magnitudes orzamentarias do orzamento de 2019 de non producirse compensacións (ven por incremento doutros ingresos ou por diminución de gastos).

Hai que ter en conta que a Concellaría de Facenda habilitou durante este exercicio unha oficina de asesoramento ao contribuínte para informar sobre as variacións catastrais que puideran afectar aos veciños de Cambados no proceso de regularización que se esta a realizar en Cambados, sendo realizados en Cambados polo Catastro un total de 1.200 expedientes de regularización que se están a tramitar. Polo que a recadación deste tributo para o vindeiro exercicio non só se debe ter en conta a modificación que poida sufrir o diminuír o tipo de gravame, senón tamén o incremento da base imponible ao sumar estes novos inmobles motivadas pola regularización emitidas polo catastro no censo de Cambados, polo que unha vez que se inclúan estes novos inmobles ou a variación dos xa existentes, o incremento da base imponible contribuirá a contrarrestar os ingresos procedentes deste imposto mesmo reducindo o tipo de gravame.

*Á vista do anterior, a Concellaría de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, **PROPÓN** que, incorporados os informes da secretaría e intervención municipais, e previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:*

PRIMEIRO.- *Modificar o tipo de gravame para os bens de natureza urbana do artigo 2, que pasará a ser do 0,46 %, de xeito que o artigo quede redactado como segue:*

“ARTIGO 2. – Tipo de gravame

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,46 %.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,3%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 0,6 %”.

SEGUNDO.- *Modificar a bonificación potestativa para o sector primario do artigo 4, que pasa a denominarse bonificación para inmobles de uso agrario, de xeito que queda redactada como segue:*

ARTIGO 4 – Bonificacións

(...)

B. Bonificacións potestativas

1. **Bonificacións por especial interese ou utilidade pública.**

(...)

- **Bonificación para inmoables de uso agrario.**

1.- De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello establece unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmoables de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais que xustifiquen tal declaración. Entenderase como inmoables destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas ou gandeiras aqueles que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, estean cualificados como de uso principal agrario.

2.- Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.- Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderá solicitarse dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derroque a presente ordenanza, sempre e cando se manteñan as condicións polas cales foi concedida.

4.- Finalizado o prazo no que se poden formular as solicitudes, polo persoal técnico adscrito ao Servizo de Medio Rural ou Urbanismo instruirase o procedemento e formularase informe-proposta de resolución para a adopción do acordo plenario de declaración de especial interese ou utilidade municipal. A tal fin, poderán realizarse de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

5.-A bonificación contemplada neste artigo será incompatible con calquera outra bonificación.

TERCEIRO.- Modificar a DISPOSICIÓN FINAL da Ordenanza fiscal de xeito que quede redactada como segue:

“A modificación da presente ordenanza fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor hasta a súa modificación ou derogación expresa”.

CUARTO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmoables.

QUINTO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

SEXTO.- Considerar que no suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do citado R.D. lexislativo 2/2004.

SÉTIMO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto da modificación das citadas ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor até que non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Sometido o asunto a debate, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo, como concelleiro de Economía e Facenda e voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para expor o seguinte:

“O Concello de Cambados, presenta neste pleno a **proposta de reducir o tipo impositivo do IBI en 4 puntos e unha redución nos recibos do 8%, o que supón baixar a urbana nesta lexislatura un**

23,3% ás familias de Cambados, o que vai supoñer reducir os ingresos tributarios do IBI en 115.276,13€.

O Concello de Cambados vai manter o compromiso de ir baixando os impostos municipais en función dos resultados económicos do concello, e manter a conxelación xeral das demais ordenanzas fiscais como xa se leva realizando nestes tres últimos exercicios, coa excepción do auga e o servizo dos sumidoiros, sometidas ao valor do IPC por obriga contractual coas concesionarias.

Por outra banda, tamén se presenta para aprobación unha nova redacción da ordenanza do IBI na Bonificación que se aplica ao sector primario afectado pola regularización catastral na que esta inmersa o concello de Cambados; tratase dunha modificación de carácter técnico acordada entre os técnicos da ORAL e o Tesoureiro do Concello de Cambados nunha xuntanza que se celebrou no Concello de Cambados o pasado mes de setembro, así desta maneira poder facilitar a aplicación da mesma unha vez que se están a dar de alta estes novos inmobles con usos agrarios pola regularización do catastro e que o Concello de Cambados bonifica o 95%.

Dende o Concello de Cambados queremos facer fincapé en que cando accedemos ao goberno o tipo impositivo do IBI situábase no 0,60, e que optamos por implantar unha baixada progresiva para tratar de paliar os efectos do Plan Económico – Financeiro ao que estivo sometido o actual goberno municipal durante os exercicios 2016 e 2017 e do que gracias a xestión económica municipal actual, logrouse saír neste exercicio.

Segundo os últimos datos publicados polo Catastro correspondentes ao Padrón de 2017, Cambados presenta unha valoración total de douscentos dous millóns de euros para as 6.410 vivendas de uso residencial, o que supón que o valor medio catastral é de 31.595,44 € por vivenda, sendo o valor medio catastral dos inmobles para uso residencial máis baixo de toda a comarca do Salnés. Así, segundo os datos do Catastro, o concello de Sanxenxo presenta o valor máis alto de toda a comarca, cun importe medio de 76.270,89 € para as 16.095 vivendas; seguido de Meaño, cun valor de 61.409,68 €, para as 2.080 vivendas; Meis cun valor medio de 60.024,17 € para un total de 1.890 vivendas; Ribadumia cun valor medio catastral para uso residencial de 59.339,09 € para as 2.143 vivendas; A Illa de Arousa cun valor de 55.776,80€ para as 2.575 vivendas; Vilagarcía de Arousa con 55.669,32 € de valor medio para as 19.711 vivendas; O Grove con 46.700,80 € para as 7.570 vivendas; e Vilanova cun valor medio de 34.359,29 € para as 5.154 vivendas deste concello.

Así o recibo medio do IBI para uso residencial no exercicio 2017, as veciñas e veciños de Cambados foron os que menor importe pagaron nese exercicio en toda a comarca, 173,77 € por vivenda en concepto de IBI de media, o máis baixo e case a metade de Sanxenxo, que presenta un valor medio de 335,59 € nos recibos, seguido de Vilagarcía de Arousa cun recibo medio de 306,18 €. O resto de Concellos da Comarca do Salnés presentan un recibo medio que supera os 200 €, así o recibo medio do IBI para uso residencial en A Illa de Arousa no 2017 foi de 278,88 €, O Grove con 270,86 €, Meaño con 245,64 €, Meis con 240,10 €, Ribadumia con 296,70 € e Vilanova de Arousa con 206,16€.

Utilizando estes datos e segundo os tipos impositivos que se van aplicar no vindeiro exercicio e tendo en conta as baixadas xa aprobadas nos plenos de Sanxenxo e Vilagarcía, e a de Ribadumia no pasado exercicio, e a aprobada o ano pasado e a que se presenta hoxe en Cambados, e mantendo o mesmo tipo impositivo para o resto de concellos da Comarca.

Cambados estimase que vai volver ser o concello co recibo medio da urbana para uso residencial de toda a Comarca do Salnés máis baixo.

Desta maneira o recibo medio do IBI para uso residencial no vindeiro exercicio 2019, e tomando como referencia os datos do ultimo Padrón publicado na web do Catastro correspondentes ao exercicio 2017, as veciñas e veciños de Cambados van aboar unha media de 145,34 € por vivenda en concepto de IBI.

Por outra banda, no resto de usos que establece o Catastro, segundo os datos publicados pola súa web, Cambados tamén presenta o recibo máis baixo de toda a comarca para o uso Comercial en 2017, cun recibo medio de 248,60 € e que se estima para o vindeiro 2019 en 207,92 € para os 292 inmobles destinados a ese uso; no relativo aos 39 inmobles con uso de hostalaría, Cambados

presenta un recibo medio de 1.365,28 €, tamén un dos máis baixos de toda a comarca en 2017 e que en 2019 esta previsto que sexa de 1.141,87 €; para os 1.111 inmobles destinados a Almacén e Estacionamento o recibo medio da urbana en 2017 foi de 44,73 € e estimase en 2019 en 37,41€, quedando como o segundo menor da Comarca despois de Ribadumia; por outra banda os 61 inmobles con uso de oficinas pagaron no 2017 un recibo medio de 306,88 € e que pagaran 256,66 € en 2019; tamén 322,13 € pagaron de media en 2017 os 436 inmobles con uso industrial que pasaran a pagar 269,42€ de media; e por ultimo 33,05 € pagaron o ano pasado de media as 1.881 parcelas de chan urbano sen edificar que se lles estima un recibo para o 2019 de 27,64 €.

En definitiva, o recibo medio no Concello de Cambados pasou dos 178,82 € que se abonaron no 2015 polas 6.237 vivendas cun valor medio de 29.867,37 €, a ter que pagar unha media estimada cada recibo da urbana de 145,34 € no vindeiro exercicio 2019 para as 6.410 vivendas existentes cun valor medio de 31.595,44 € segundo o ultimo padrón dispoñible. O que vai supoñer unha rebaixa de preto de 34 € en cada recibo nestes últimos catro anos. Rebaixa que podería ser maior se non se incrementase o valor medio catastral das vivendas en Cambados en máis de 1.700 € ao incrementar en 161 os inmobles con uso residencial no exercicio 2016.”

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, para manifestar que este tipo impositivo aínda non está tan baixo como o tivo o seu partido, antes de que o Ministerio lles obrigara a subilo; indica que eles tiveron no 0,46 e xa naquel momento o IBI de Cambados era un dos recibos máis baixos da Comarca do Salnés; entende que a baixada ten que ser progresiva, pero podíase baixar antes; considera que comparar o que paga hoxe unha persoa ó que pagaba no ano 2015 non ten sentido, porque antes había uns límites (entre 0,55 e 0,60 que imponía o Ministerio) e agora hai máis marxe, polo que opina que isto é dar unha información segada e confundir aos veciños; por outro lado, comenta que é coherente que en Sanxenxo e Vilagarcía paguen máis polo IBI porque os valores catastrais son moito máis altos, como por exemplo as vivendas en primeira liña de praia en Sanxenxo; expón que o seu partido político vai a aprobalo pero advirte que si eles estiveran gobernando terían baixado antes.

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo para agradecer que voten a favor desta modificación da ordenanza do IBI e engade que o Concello de Cambados está incluído nese catastrazo de obrigado cumprimento imposto polo Ministerio e polo anterior goberno do Partido Popular; explica que o seu goberno tivo que aplicar un plan de axuste no ano 2015 que incluía unha serie de medidas, e entre elas era que non podían reducir os ingresos e polo tanto non podían reducir o IBI ó libre albedrío; indica que o que fixeron foi aproveitar esa regularización catastral que lles obrigaba o Ministerio a facer, para que os veciños voluntariamente se adiantaran a esa regularización catastral, informalos e asesoralos na oficina instalada na Merced (gracias á deputación que cedeu persoal técnico para os asesoramentos), para que declarasen esas modificacións que non tiñan declaradas nas vivendas, e gracias a iso, incrementou o padrón municipal, e os ingresos no ano 2016 foron de 200.000 €, e así puideron facer a variación do tipo do IBI sen minguar os ingresos; advirte que teñen que ser rigorosos na baixada de impostos e tamén nas estimacións de ingresos orzamentarios; manifesta que lle fai gracia que os acuse de demagogia cando esta situación foi herdada da vosa xestión económica e si seguisen baixando os impostos estarían baixo a tutela financeira de Facenda como está o Concello de Vilanova de Arousa, gobernado polo Partido Popular; en alusión ao dito polo Sr. Aragunde Aragunde en canto a que é unha información segada, aclara que non é igual o valor de mercado que o valor catastral; finaliza dicindo que a todos os do equipo de goberno lles gustaría poder baixar máis o IBI.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde considerando que o plan de axuste económico feito cando houbo cambio de goberno podíase haber evitado, e que a situación herdada no foi peor que a deixada polo actual goberno no ano 2017, 821.000 euros superado do orzamento; opina que o plan económico poderíase evitar pero interesoulles levalo a cabo para magnificar e darlle eco á xestión do Partido Popular; argumenta que entre o ano 2013 e 2014 fixeron tamén revisións catastrais e que despois de facer a revisión actualizouse o catastro; finaliza expondo que o seu goberno vai a votar a favor pero que o IBI aínda non está ao tipo que o tiñan eles.

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo para dicir que o plan de axuste económico foi proposto polos técnicos municipais, exactamente pola interventora municipal; tamén que no ano 2017 pecharon o exercicio cun superávit, pois senón estarían sometidos a unha tutela financeira, e iso sería prexudicial para os veciños; expón que o goberno do Partido Popular gastara máis do orzamentado, 750.000 euros sen partida de gasto, segundo o informe de morosidade da interventora do terceiro trimestre do ano 2015.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde e indica que o seu partido político tivo superávit no ano 2014, á par de que cando houbo cambio de goberno, Cambados era un dos menos endebedados da Comarca do Salnés (de máis de 10.000 habitantes), e que no ano 2015 si se superou o gasto; informa tamén que no ano 2011 e 2012, foi a época na que o Ministerio propuxo un plan para deixar os cartos aos concellos para pagarlle aos provedores, e despois os concellos devolvían os cartos a dez anos cun interese moi baixo; a interventora comunicoulles que se podían acoller a este plan e así levar o goberno con maior solvencia económica, e non quixeron porque consideraron que despois estarían coaccionados en outras moitas accións, preferindo endebedarse co banco e pagarlle aos provedores e non pedir o diñeiro ao Ministerio polo que considera que o goberno actual puido evitar o plan de axuste económico no ano 2015.

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo e insiste en que a primeiras palabras da interventora cando chegaron foi que o superávit declarado no ano 2014 era ficticio, indicando que tiñan máis de medio millón de euros de endebedamento da nave loxística que estaban declarados como ingresos cando non se ingresara nada, manifestando que entón o superávit do ano 2014 non era real; engade que cando eles chegaron ao goberno modificaron as ordenanzas para regular a declaración deses ingresos, e así si non se cobran os arrendamentos non se poden declarar como ingresos na conta xeral e así non volver a ter un superávit ficticio; indica que antes a débeda era dun 35% e agora é do 14%, e que pagaron todas as cotas bancarias e facturas de provedores; indica que cando chegaron ao goberno había 2,4 millóns de débeda máis 1,3 millóns de euros de débeda a provedores, en total 3,7 millóns de euros de endebedamento que deixou o Partido Popular, a agora 1,2 millóns de euros e a provedores 800.000 euros; en canto a que o Concello de Cambados era o concello menos endebedado da provincia, replica que dos 62 concellos, Cambados estaba no posto 21 con máis endebedamento; argumenta que cando rematen o goberno a débeda será menor do 14%; para rematar, replica ao Sr. Aragunde Aragunde, en canto á transparencia nos gastos, que o informe do plan de axuste está publicado no portal de transparencia do Concello e calquera veciño de Cambados o pode consultar, mentres que cando chegaron ao goberno o único que había colgado na páxina web era o orzamento do ano 2011, indicando que el veu ao Concello a pedir a concesional do ano 2014 e foille negado, polo que tivo que presentar un escrito polo rexistro para que puidera acceder a unha copia dela, e tivo que aboar as taxas de 70 euros do seu peto, para poder acceder a esa documentación que era pública.

Non habendo máis intervencións, pola Alcaldía procédese a someter a votación a proposta para aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación **aproba a Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI**, por **unanimidade** dos membros presentes no Pleno.

EXPTE. 4025/2018 - MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

A Sra. Secretaria da lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 18 de outubro de 2018, da seguinte proposta que cita textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE ACORDO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

En desenvolvemento das competencias recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, considérase necesario modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Distribución de Auga.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica PROPÓN que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

PRIMEIRO.- *Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, nos termos que se transcriben a continuación:*

(...) remítese á lectura da proposta dos señores concelleiros (...)

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”*

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo, como concelleiro de Economía e Facenda e voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para expor o seguinte:

“A modificación da ordenanza deriva do escrito presentado polo concesionario do servizo de distribución de auga, Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U, solicitando actualización das tarifas do servizo conforme ó Índice de Prezos ó Consumo, en virtude do disposto na cláusula 30 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión integral do servizo público de abastecemento de auga potable, mediante concesión administrativa.

O IPC aplicado é o intre-anual entre o mes de agosto de 2017 e agosto 2018, cumpríndose o intervalo establecido polo Instituto Nacional de Estadística para o cálculo do IPC intra-anual. Compróbase que, en efecto, o incremento ascendeu ó 2,2%, tal e como sinala o concesionario no seu escrito

Tratándose dunha modificación de ordenanza por actualización do IPC non é necesaria a existencia dun estudio económico financeiro da modificación, tal e como sinala a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2012.

Debe sinalarse que a actualización desta ordenanza conforme ó IPC non contradí o disposto na Lei 2/2015 de desindexación da economía española, nin o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 55/2017. E isto porque, pese a que a Lei ten como obxecto, como sinala o seu artigo 1, o establecemento dun réxime nos que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan, a súa disposición transitoria sinala que “o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de

Contratos do Sector Público, cuxo expediente de contratación se iniciara antes da entrada en vigor do regulamento de desenrolo da lei, será o que este establecido nos pregos”.

Dado que este é o caso que nos ocupa e que os ingresos a percibir polo concesionario derivan do cobro das tarifas desta taxa, conforme establece a cláusula 29 do prego, enténdese que esta actualización non se opoña ó establecido na mencionada lei.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:
MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA.

Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto, nos termos que se transcriben no acordo presentado hoxe a pleno e aprobado pola comisión de Facenda.”

Non habendo máis intervencións, pola Alcaldía procédese coa votación.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación **aproba** a proposta de acordo de **Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga**, por **unanimidade** dos membros presentes no Pleno.

EXPTE. 4025/2018 - MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS

A Sra. Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 18 de outubro de 2018, que ditaminou favorablemente a seguinte proposta que cita textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE ACORDO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS.

En desenvolvemento das competencias recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, considérase necesario modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

*Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica **PROPÓN** que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanza fiscal do Concello:*

PRIMEIRO.- *Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, nos termos que se transcriben a continuación:*

(...) remítese á lectura da proposta dos señores concelleiros (...)

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”*

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo, como concelleiro de Economía e Facenda e voceiro do grupo

municipal Somos Cambados, para expor o seguinte:

“A modificación da ordenanza deriva do escrito presentado polo concesionario do servizo de sumidoiro, Espina & Delfín S.L., solicitando actualización das tarifas do servizo conforme ó Índice de Prezos ó Consumo, en virtude do disposto nas cláusulas 10 e 11 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión integral do servizo público de sumidoiros, mediante concesión administrativa.

O IPC aplicado é o intra-anual entre o mes de agosto de 2017 e agosto 2018, cumpríndose o intervalo establecido polo Instituto Nacional de Estadística para o cálculo do IPC intra-anual. Compróbase que, en efecto, o incremento ascendeu ó 2,2%, tal e como sinala o concesionario no seu escrito

Tratándose dunha modificación de ordenanza por actualización do IPC non é necesaria a existencia dun estudo económico financeiro da modificación, tal e como sinala a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2012.

Debe sinalarse que a actualización desta ordenanza conforme ó IPC non contradí o disposto na Lei 2/2015 de desindexación da economía española, nin o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 55/2017. E isto porque, pese a que a Lei ten como obxecto, como sinala o seu artigo 1, o establecemento dun réxime nos que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan, a súa disposición transitoria sinala que “o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cuxo expediente de contratación se iniciara antes da entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da lei, será o que este establecido nos pregos”.

Dado que este é o caso que nos ocupa e que os ingresos a percibir polo concesionario derivan do cobro das tarifas desta taxa, conforme establece nos pregos, enténdese que esta actualización non se opoña ó establecido na mencionada lei.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS

Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto, nos termos que se transcriben no acordo presentado hoxe a pleno e aprobado pola comisión de Facenda.”

Non habendo máis intervencións, pola Alcaldía sométese a proposta a votación.

Sometida a votación, a proposta de **Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros**, resulta **aprobada** por **unanimidade** dos membros da Corporación Municipal presentes no Pleno.

EXPTE. 3819/2018 - MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA_SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2018 CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS

A Sra. Secretaria procede coa lectura do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 18 de outubro de 2018, que ditaminou favorablemente a seguinte proposta que cita textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o Informe de Intervención sobre a aplicación do superávit 2017, emitido con data 08/10/2018, segundo o cal o superávit orzamentario resultante da liquidación 2017 debe destinarse a atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, a través do remanente de tesouraría para gastos xerais.

Visto que, para poder proceder á aplicación do superávit orzamentario a atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta

413, tramitouse expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 4/2018, por un importe total de 126.431,80 €.

Considerando que, co obxecto de dar cumprimento á Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, faise precisa a tramitación dunha modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito -n. 01/2018- con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, para dotar o crédito necesario para o recoñecemento extraxudicial de créditos n. 4/2018, por un importe total de 126.431,80 €.

Visto que por Providencia da Alcaldía de data 09/10/2018 incoouse expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito -n. 01/2018- para a aplicación do superávit 2017, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe total de 126.431,80 €.

Considerando que con data 09/10/2018, emitiuse informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

Considerando que se cumpren os requisitos para a aplicación do superávit a través do remanente de tesourería aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e realizada a tramitación legalmente establecida, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito -n. 01/2018- para a aplicación do superávit 2017, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe total de 126.431,80 €.

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario e que suporá un incremento nas aplicacións xa existentes, será o seguinte:

(...) Total modificación orzamentaria: 126.431,80 € (...).

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

CUARTO. Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.”

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo, como concelleiro de Economía e Facenda e voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para expor o seguinte:

“O Goberno local de Cambados saldou as contas correspondentes ao exercicio 2017 cun superávit de 207.667,37 euros, segundo o resultado da Conta Xeral, presentando un remanente de tesourería que ascende a 126.436,75 euros, cumprindo desta maneira coa estabilidade orzamentaria.

A lexislación vixente no tócate a aplicación do superávit das contas públicas e moi estrita, motivo polo que, só en caso de cumprir unha serie de parámetros económicos, os Concellos poden destinar estes fondos a gastos xerais; ademais de que o importe do superávit aplicable será o menor entre o superávit orzamentario calculado segundo os criterios de contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais, sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit, o que supón a posibilidade de aplicar a gastos xerais 126.436,75 € do remanente de tesouraría do exercicio 2017.

O concello de Cambados presenta un Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado, positivo na liquidación do exercicio 2017. Por outra banda o capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro de 2017, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende a 1.266.327,52 euros, que supón un 14,29 % dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes, non superando o límite do 110% establecido. Por ultimo, o período medio de pago a provedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días), sendo o dato de Cambados a 31 de decembro de 2017 de 22 días. Motivo polo que, o

Concello de Cambados, cumpre cos requisitos establecidos na Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para a aplicación do superávit a través do remanente de tesouraría aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta.

Por outra banda a pesares de reducir a morosidade de forma moi salientable nesta lexislatura, a día de hoxe inda existen gastos pendentes de aplicación correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, na meirande parte facturas correspondentes a subministracións de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, pero que foron rexistradas as facturas no exercicio 2018, e polo tanto non se podían abonar neste exercicio con cargo ao presente orzamento, polo principio de anualidade orzamentaria.

O Concello de Cambados, a vista destes datos, decidiu destinar o saldo do remanente de tesouraría do pasado exercicio, a continuar reducindo a morosidade, facendo fronte as facturas pendentes de pago e así, reducir máis aínda se cabe, o endebedamento do Concello de Cambados, e desta maneira seguir reducindo a morosidade a través da xestión eficiente dos recursos municipais.”

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, como voceiro do grupo municipal Partido Popular, para manifestar que dende o seu partido van a votar en contra porque cando se fai unha Comisión Informativa cree que hai que avisar antes, porque todos queren participar e aportar, indicando que o seu partido quería propoñer diferentes alternativas para ese superávit, indicando tamén que teñen escritos pendentes de contestar dende fai meses, polo que lles falta información, e entón, como non teñen información e en base a esa información querían presentar diferentes alternativas para investir eses cartos, indica que votarán en contra.

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo e comenta que no día de hoxe tivo unha reunión coa interventora na que se falou da situación na que estaban (dúas concelleiras do BNG non podían asistir hoxe á reunión), e preguntou que sucedería no caso dunha votación, se votara en contra, e comenta que a interventora lle dixo que sería unha irresponsabilidade por parte dos que votaran en contra porque os provedores quedarían sen cobrar; indica que hai provedores, como gas natural pero tamén provedores pequenos, veciños de Cambados; explica que a meirande parte das facturas que están pendentes de cobrar son dos meses de novembro e decembro do ano 2017, indicando que estamos no ano 2018 e polo tanto, polo principio de anualidade orzamentaria non poden facer fronte neste exercicio e por elo as traen a recoñecemento extraxudicial de crédito, non porque se fixera mal a declaración do gasto, porque indica que ó mellor si estaba feita a proposta de gasto e a reserva de crédito no exercicio 2017 pero entraron por rexistro no ano 2018 e polo tanto non puideron facerlle fronte porque no ano 2018 esas facturas non tiñan proposta de gasto nin reserva de crédito; indica que ao non aprobar este crédito extraxudicial no Pleno, os provedores tardarán máis en cobrar e en parte, por culpa deles, por non traer as facturas no exercicio 2017; argumenta tamén que este non será o único recoñecemento extraxudicial de crédito, indicando que faláron na reunión da comisión de facenda, que tamén había, deses 170.000 euros de facturas do exercicio pasado pendentes de aboar e delas, 58.000 euros son de partidas de obra, porque o orzamento municipal non é abundante e son obras pequenas que houbo que facer por necesidade.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde e procede coa lectura dun fragmento do informe de intervención que di textualmente o seguinte:

“(…) con obxecto do presente expediente foron executados sen seguir o procedemento legal establecido e sen crédito orzamentario, infórmase desfavorable (...)”; comenta que o informe da interventora é desfavorable porque non se fixeron as cousas como se debían e entenden que non se fixeron as tramitacións das facturas como se debía.

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo e replica que os gastos deste expediente pertence ao exercicio 2017 e non se poden incluír no exercicio 2018 sen unha proposta extraxudicial de crédito, e insiste en que moitas desas facturas pendentes tiñan a proposta de gasto emitida no exercicio correspondente, e ao non presentar, os provedores, as facturas do mes de novembro e decembro no ano correspondente, e ao presentar esas facturas por rexistro no ano 2018, pola realidade orzamentaria, explica que non se pode aboar ese gasto sen a aprobación deste gasto extraxudicial; en canto a obter información, coméntalle que a información relativa a este documento facilitóuselle

no seu momento na Comisión Informativa, e esta documentación estivo á súa disposición fai dez días, e esta Comisión Informativa foi fai unha semana, polo tanto, comenta que tivo a información e o tempo suficiente para estudala.

Non habendo máis intervencións, pola alcaldía procédese coa votación da moción, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (PSdeG-PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 8 (Partido Popular)

Abstencións: 0

Con sete(7) votos a favor e oito(8) votos en contra, O Pleno da Corporación desestima a aprobación **a Modificación Orzamentaria-Suplemento de Crédito 01/2018 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.**

EXPTE. 3819/2018 - RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 04/2018_
CONTA 413_APLICACIÓN SUPERÁVIT 2017

A Sra. Secretaria procede coa lectura do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 18 de outubro de 2018, que ditaminou favorablemente a seguinte proposta que cita textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o Informe de Intervención sobre a aplicación do superávit 2017, emitido con data 08/10/2018, segundo o cal o superávit orzamentario resultante da liquidación 2017 debe destinarse a atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, a través do remanente de tesouraría para gastos xerais.

Considerando que, para poder proceder á aplicación do superávit orzamentario a atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, debe tramitarse expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, polo importe máximo do remanente de tesouraría para gastos xerais que ascende a 126.436,75 €.

Visto o expediente tramitado para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 4/2018, por un importe total de 126.431,80 €.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto, de data 09/10/2018.

Considerando que o Concello está obrigado ao pago dos gastos que figuran na conta 413, previa imputación dos mesmos ao orzamento municipal. O propio lexislador consciente da existencia destas actuacións «irregulares» pero, en calquera caso, necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao orzamento corrente, imputación en principio prohibida polo principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo dos terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa desta; considerando igualmente a efectiva prestación dos servizos e subministración de bens por parte dos terceiros acredores e constando factura ou documento xustificativo acreditativo de cada un dos gastos.

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- *Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal no seu informe de data 9 de outubro de 2018 (Reparo n.º 42/2018), en base aos argumentos recollidos na parte expositiva deste acordo.*

SEGUNDO.- *Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos n.º. 4/2018 por importe total de 126.431,80 €, segundo a relación que se recolle a continuación, e a imputación dos gastos ás aplicacións orzamentarias que se indican:*

(...)O importe total do recoñecemento extraxudicial de créditos é de 126.431,80 €.

TERCEIRO.- *Condicionar a aplicación dos anteditos gastos ao orzamento do exercicio corrente á entrada en vigor da modificación orzamentaria tramitada ao obxecto de dotar o crédito necesario e, polo tanto, á efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente.*

CUARTO.- *Comunicar o presente Acordo a Intervención, para os efectos de rexistrar os correspondentes apuntamentos contables.”*

Pola Presidencia procédese a retirar este punto do día, posto que ao non ser aprobada a modificación orzamentaria do suplemento de crédito 1/2018 con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, non se pode aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos e aplicar o superávit do ano 2017, comenta a Sra. Secretaria que este expediente depende da aprobación do anterior expediente.

EXPTE. 3005/2018.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PARA O IMPULSO DO GALEGO EN CAMBADOS.

Pola Presidencia dáselle a palabra a **D. Víctor Manuel Caamaño Rivas**, voceiro do grupo municipal BNG, para manifestar que foi unha ordenanza que presentaron con tempo, para intentar facer unha ordenanza aberta e que aportara todo o mundo, non querían que fora un regulamento e que os políticos o tiveran en contra, indica tamén que non houbo ningunha achega a maiores, e xa hai un regulamento feito polo equipo de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra dos técnicos municipais e en parte, aquí no Concello facíalles falta porque a subvención que hai para a normalización lingüística, este ano, esixen eses requisitos.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, voceiro do Partido Popular, para indicar que o seu grupo municipal vai a votar a favor e agradecer ao concelleiro do BNG a sensibilidade con este tema, que a todos lles preocupa e lles interesa, e sobre todo agradécelle a antelación.

Non habendo máis intervencións, procédese coa votación.

Sometido o asunto a votación, O Pleno da Corporación **aproba** a “**Ordenanza para o Impulso do Galego en Cambados**”, por **unanimidade** dos membros presentes no Pleno.

ASUNTOS DE URXENCIA.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola Alcaldía comunícase o erro á hora da inclusión das mocións na orde do día, as cales xa foran entregadas en plenos anteriores, aclarando que se fará a ratificación da urxencia para a súa inclusión no debate, e na orde de entrada no Rexistro do concello.

Pola Alcaldía procédese coa ratificación da urxencia para a inclusión na orde do día dos seguintes asuntos:

Expediente 4813/2018, Transparencia de créditos número 6/2018, incremento das retribucións do persoal, Lei de Presupostos do Estado 2018 con fondo de continxencia.

Votos a favor: 7 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode).

Votos en contra: 8 (Partido Popular)

Abstencións: 0

Con oito(8) votos en contra e sete(7) a favor, O Pleno da Corporación desestima **a inclusión na orde do día** do Expediente 4813/2018 Transparencia de créditos número 6/2018, incremento das retribucións do persoal.

Nestes momentos, a Sra. Alcaldesa procede coa entrega das actas da Xunta de Goberno aos membros presentes no Pleno.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, indicando que o seu grupo municipal vai a votar en contra da inclusión por urxencia na orde do día das mocións, incluída unha moción presentada polo seu partido, explicando que está canso de que se lles convoque tarde e incluso, a veces, fora de tempo; explica tamén que a un Pleno non asistiron porque se lles había convocado con menos de 48 horas de antelación; manifesta tamén que cando o seu partido gobernaba, os plenos celebrábanse sempre o último xoves de cada mes e nunca houbo problemas, e que se están a cometer erros constantemente, por elo indica que van a votar en contra de todo o que non apareza na orde do día.

Intervén D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, e como voceiro do BNG, indica que trae unha moción en apoio ás persoas denunciadas por reclamar a devolución do Pazo de Meirás, e solicítalle á oposición que non vote en contra.

Intervén a Sra. Alcaldesa para indicarlle ao Sr. Aragunde Aragunde que tiveron problemas coas

notificacións, indicando tamén que tiveron problemas para notificar as Comisións Informativas chegando a solicitarlle á policía local que fixese un informe indicando que acudiron tres veces ao domicilio que ten establecido para as notificacións; explica tamén que si ten outro domicilio no que se lle poida facer as notificación o indique, debido a que no caso das Comisión Informativas é a persoa que está como voceira para as notificacións.

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo explicando que a solución para estas situacións, xa que teñen sede electrónica e funciona bastante ben, é que lles faciliten os correos electrónicos para facer as notificacións telemáticas e hai, neste momento o certificado dixital para poder acceder aos expedientes acceder á documentación.

Pola Presidencia decídese non propoñer as mocións e polo tanto non facer a votación da súa inclusión na orde do día por urxencia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA.-

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende o número 2018-0678 ao 2018-0760, ambas inclusive, sendo a Resolución número 2018-0678 de data 4 de outubro e a 2018-0760 do 24 de outubro do ano 2018, das que se lle dou traslado a tódolos membros da Corporación.

A Sra. Secretaria fai constar que o Decreto número 2018/0741, Resolución nomeamento do xefe da policía local, non leva a súa firma, por un erro obxecto dun expediente independente (unha cousa é unha comisión de servizos e outra cousa é unha xefatura), e entendía que o expediente teríase que completar de outra forma, por elo, indica que esta resolución non leva a súa firma.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. Alcaldesa abre o debate preguntando, a modo de rogo, ao Sr. Aragunde Aragunde, que lle indique cal é a documentación que pediu fai un ano e que non se lle contestou, ao que o Sr. Aragunde Aragunde lle responde que llo remitirá por escrito porque son vinte ou trinta escritos emitidos polo rexistro de entrada do Concello.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente minuta-borrador da acta que asina a Sra. Presidenta, de todo o que, eu, Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE